



DECRETO

MODIFICACIÓN DE CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DURANTE O CURSO ESCOLAR 2025/2026 DO CEIP OZA DOS RÍOS

Por providencia da Alcaldía de data 5 de xuño de 2025 aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso escolar 2025/2026 do CEIP de Oza dos Ríos nas que se regula o desenvolvemento das actividades extraescolares propostas polo CEIP que contribuirán a unha mellora da calidade educativa prestada ao alumnado ao tempo que facilitan a conciliación das familias e permiten un desenvolvemento máis sinxelo e eficiente de todos os plans de estudo.

Por Decreto da Alcaldía do 3 de setembro de 2025 acordouse acceder ao solicitado pola Dirección do CEIP de Oza dos Ríos e da a seguinte redacción ás citadas actividades de urban dance e teatro na táboa contida na cláusula 3.1 das bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso escolar 2025/2026 do CEIP de Oza dos Ríos co seguinte contido:

	DÍA SEMANA	HORARIO	N.º MÍNIMO DE PRAZAS	N.º MÁXIMO DE PRAZAS	LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**	COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN
PATINAXE	Luns ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois	8€/mes
URBAN DANCE	Xoves ou Venres	15:30h a 16:30h	10	21	Pavillón Lois Ou Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
TEATRO	Martes ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	25	Aula de psicomotricidade do colexio	8€/mes
XIMNASIA RÍTMICA	Martes ou Xoves	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
TAEKWONDO	Luns ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	9€/mes
PINTURA	Mércores ou Venres	15:30h a 16:30h	10	16	Planta baixa Casa Consistorial	8€/mes
Tenis/Padel	Venres	16:00 h a 17:00 h	10	16	Pistas Complexo Deportivo de Salto	8€/mes

** Naquelas actividades en que os lugares de desenvolvemento das actividades non se encontren dentro do recinto escolar os pais ou titores encargados das nenas e nenos participantes ou persoa autorizada deberán encargarse do seu desprazamento.

- As actividades extraescolares rematarán o 31 de maio de 2026.

Resultando que foron advertidos erros nos listados de admitidos nas actividades de teatro, ximnasia rítmica e urban dance ao omitirse nos mesmos a alumnado que debería ser admitido de conformidade co indicado nas bases que rexen a convocatoria.

Resultando asimesmo que:

- No tocante á actividade de tenis/pádel, non resulta posible levar a cabo a actividade



por non encontrar empresa interesada na súa impartición.

- No tocante á actividade de patinaxe, no horario previsto (de 15:30 a 16:30) os luns ou os mércores non se encontrou ningunha empresa interesada na súa impartición.
- No tocante á actividade de pintura, hai polo menos 18 alumnos e alumnas na lista de agarda.

Á vista do exposto e tras os acordos adoptados coa Dirección do CEIP de Oza dos Ríos e con representante da ANPA deste centro escolar, esta Alcaldía, co obxecto de dar cabida á maior parte das solicitudes de participación presentadas para as citadas actividades e ante a imposibilidade de prestar o servizo da actividade de tenis, en uso das atribucións que lle son conferidas pola normativa vixente acorda:

Primeiro.- Dar unha nova redacción ás citadas actividades na táboa contida na cláusula 3.1 das bases reguladoras das actividades extraescolares durante o curso escolar 2025/2026 do CEIP de Oza dos Ríos no tocante ás seguintes actividades:

- Na actividade de tenis/pádel, non resulta posible levar a cabo a actividade por non encontrar empresa interesada na súa impartición, polo que se suprime do listado.
- No tocante á actividade de patinaxe, no horario previsto (de 15:30 a 16:30) os luns ou os mércores non se encontrou ningunha empresa interesada na súa impartición, polo que se oferta os venres no mesmo horario.
- No tocante á actividade de pintura, hai polo menos 18 alumnos e alumnas na lista de agarda, polo que se engade un día (luns) para esta actividade.

Co que o contido da cláusula 3.1 das citadas bases resulta o seguinte:

	DÍA SEMANA	HORARIO	N.º MÍNIMO DE PRAZAS	N.º MÁXIMO DE PRAZAS	LUGAR DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**	COTA MENSUAL DE PARTICIPACIÓN
PATINAXE	Venres	15:30h a 16:30h	10	20	Pavillón Lois	8€/mes
URBAN DANCE	Xoves ou Venres	15:30h a 16:30h	10	23	Pavillón Lois Ou Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
TEATRO	Martes ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	25	Aula de psicomotricidade do colexio	8€/mes
XIMNASIA RITMICA	Martes ou Xoves	15:30h a 16:30h	10	22	Patio CEIP Oza dos Ríos	8€/mes
TAEKWONDO	Luns ou Mércores	15:30h a 16:30h	10	20	Patio CEIP Oza dos Ríos	9€/mes
PINTURA	Luns ou Mércores ou Venres	15:30h a 16:30h	10	17	Planta baixa Casa Consistorial	8€/mes
Tenis/Padel	(suprimida)					

** Naquelas actividades en que os lugares de desenvolvemento das actividades non se encontren dentro do recinto escolar os pais ou titores encargados das nenas e nenos participantes ou persoa autorizada deberán encargarse do seu desprazamento.

- As actividades extraescolares rematarán o 31 de maio de 2026.





Segundo.- Expoñer ao público o presente acordo na páxina web do Concello para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Oza-Cesuras, na data/s da/s sinatura/s electrónica/s

Dou fe,

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Ado./ José Pablo González Cacheiro

Asdo./ José C. Sánchez Presedo

